

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**. Todas as preguntas, agás a primeira, teñen posibilidade de elección entre apartados. A cualificación das preguntas consigna unha **puntuación específica** para a adecuación, coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica das respostas e a observación da extensión recomendada dos textos.

### TEXTO

A saúde mental infantil e adolescente experimentou nos últimos anos **unha** importante deterioración que lles preocupa cada vez máis ás familias e ao profesorado. Esta semana as consellerías de Educación e Sanidade poñían en marcha un protocolo contra o risco suicida na infancia.

O 98,5 % de adolescentes están polo **menos** nunha rede social e o 85 en tres ou máis. É o seu espazo de socialización. Pero xa desde os 10 anos moitos cativos fan un uso intensivo do teléfono sen supervisión.

Ao chegar aos 15, o móbil acada o momento de maior risco como ferramenta de acoso entre iguais, segundo explica Antonio Rial, doutor en Psicoloxía Social: "Ten problemas e implicacións a nivel de saúde: hai **novas** formas de adicción e un malestar emocional e ten problemas a nivel de convivencia. A OMS o que di claramente é que un uso maior e máis intensivo a idades máis temperás implica maiores taxas de ciberacoso e implica multiplicar por 5 as taxas de depresión e mesmo de ideación suicida".

O acoso dixital é máis silente, pode darse a calquera hora e todos os días da semana. Rial advirte de que hai dous problemas fundamentais: o uso intensivo e sen supervisión da tecnoloxía a idades moi temperás e a educación, porque os espazos de convivencia que teñen as familias hoxe en día son escasos e **impiden** que se perciba o acoso desde o seu inicio. (...)

Insisten en que todos estes signos aparecen **antes** da baixada do rendemento académico, que é cando moitas familias se decatan do problema. E que o fenómeno é global, polo que calquera pode ser vítima e tamén agresor.

Fonte: [www.g24.gal/-/a-saude-mental-na-infancia-e-adolescencia-empeora-co-mal-uso-das-tecnoloxias](http://www.g24.gal/-/a-saude-mental-na-infancia-e-adolescencia-empeora-co-mal-uso-das-tecnoloxias)

### PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN. (3,25+0,75=4 puntos)

**Lea atentamente o texto anterior e responda estes dous apartados:**

**1.1.** Realice un resumo do texto, destaque as ideas principais e indique a estrutura. Evite parafrasear o texto, exprésese coas súas palabras. Extensión aproximada: 90 palabras. **(1,75 puntos)**.

**1.2.** Indique e explique se o texto anterior é descritivo, narrativo ou expositivo-argumentativo. Xustifique a súa resposta con, como mínimo, tres exemplos tirados do texto. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1,5 puntos)**

### PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. (1,25+0,25=1,5 puntos)

**Responda un dos dous apartados seguintes:**

**2.1.** Sinale se o grafema <n> das seguintes palabras que aparecen no texto en letra grosa se corresponde cun fonema nasal alveolar ou un fonema nasal velar: unha, menos, novas, impiden, antes. Escriba un antónimo de cada unha das palabras. **(1,25 puntos)**.

**2.2.** Indique a función sintáctica que desempeñan na súa cláusula ou oración estas cinco unidades que aparecen subliñadas no texto: as consellerías de Educación e Sanidade; sen supervisión; o momento de maior risco como ferramenta de acoso entre iguais; máis silente; de que hai dous problemas fundamentais. **(1,25 puntos)**.

### PREGUNTA 3. A LINGUA E OS SEUS FALANTES. (1,25+0,25=1,5 puntos)

**Responda un dos dous apartados seguintes:**

**3.1.** Redacte un texto de opinión centrado na importancia do galego como lingua propia e no necesario rexeitamento dos prexuízos e estereotipos lingüísticos que impiden a súa positiva consideración. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 120 palabras. **(1,25 puntos)**.

**3.2.** Redacte un texto de opinión centrado na riqueza cultural, social, histórica e patrimonial que supón a diversidade de idiomas existentes na Península Ibérica. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 120 palabras. **(1,25 puntos)**

**PREGUNTA 4. EDUCACIÓN LITERARIA. (2,25+0,75=3 puntos).**

Responda un dos dous apartados seguintes:

**4.1.** Este poema de Luís Pimentel pertence ao libro *Sombra do aire na herba* (1959). Relacione o texto, brevemente, co conxunto da escrita do autor e coa poesía do seu tempo. Indique o tema central do poema xustificándoo a partir de exemplos tirados do texto e analice as principais figuras literarias que nel se empregan. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2,25 puntos).**

**Solpores da miña vila**

Solpores da miña vila,  
longos, case eternos.  
(Os anos pasan rápidos;  
os días, lentos).  
A luz esvara  
polo meu piano lustroso.  
¿Que música lle poñeremos?  
As maos, soñan.  
Solpor de prata  
sobor do ébano.  
Penso nos poetas mortos.

Calma, calma...  
Tarde inmóbil, eterna.  
Quédase docemente  
¿en que soedade, lonxe?  
ceo, ceo, máis ben luz.  
Equilibrio deste gris  
tan tenro.  
Non, non hai paisaxe  
nin carne nin sangue.

Solpores da miña vila,  
longos, lentos, música.  
As maos, soñan.

Luís Pimentel, *Sombra do aire na herba* (1959)

**4.2.** Este texto de María Xosé Queizán pertence ao libro *A orella no buraco* (1965). Relacione o fragmento, brevemente, co movemento literario da Nova Narrativa. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice, brevemente, a estrutura do fragmento e o tratamento que nel se dá do espazo. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2,25 puntos).**

Pola mañán as grandes vilas do Norde durmen aínda cando os seus moradores espertan, e siguen rezagadas no leito do inverno, cubertas ca fumaxada matinal. (...)

Nista vila dáse moi acusadamente o contraste do vello e do novo, do fremoso e do feo, do probe e do rico. Así, a carón dunha gran mole neoclásica, tan frecuentes na vila, unha miserable casoupa, apuntalada con grandes paus, estáse derrubando. E hai cafés luxosos, non contaminados, illados na promiscuidade da cidá, onde sempre fai frío a pesares da calefacción, frío orixinado nos ocos que separa á xente entre sí, no cheiro perfumado e xeadado, nas voces refinadas e apenas perceptíbeles, nos ollos frigoríficos de ollada elegante. Istes son os cafés dos ricos. Dempóis hai os outros, mesturados, bruidosos, humanos. “Os outros” non son somentes os cafés dos probes sinón tamén dos que se sinten solidarios coiles, por cuia razón son chamados snobistas.

Pro onde o contraste resulta máis notorio é no aspeito humano. Polo feito de ter o país un nivel de vida elevado, os probes, os mendigos, os vagabundos desfarrapados, producen asombro e fan voltar a testa aos transeuntes. (...) Non é pois estrano que nas frías mañáns do inverno, moi cedo, un madrugador vislumbre antre a fumaxada, bultos mouros nos respiradeiros dos metros, nos recovecos das prazas, e nos bancos; bultos que a medida que o madrugador se vai achegando, ou que a fumaxada vai abrindo, fanse corpos atarecidos, suxos, fedorentos e mal cubertos con farrapos.

María Xosé Queizán, *A orella no buraco* (1965)